



Recomendación ao Concello de Oroso para que no suposto de que teña coñecemento de desafuzamentos de vivenda habitual que afecten á veciñanza do concello, previa valoración técnica polos Servizos Sociais Municipais das circunstancias concorrentes, se practiquen, no seu caso e coa debida presteza, cantas actuacións de auxilio correspondan, a fin de paliar ou mitigar as consecuencias que sofren as persoas en risco ou perda da súa vivenda habitual

Expediente: U.8.Q/6819/21

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

Sr. alcalde:

Nesta Valedoría iniciouse esta investigación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, ao coñecer pola información publicada en distintos medios de comunicación o tráxico pasamento no interior do seu fogar dunha veciña dese concello de 60 anos de idade que ese mesmo día 4 de xuño ía ser desafuzada da súa vivenda habitual.

Por conseguinte, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento, interesouse coñecer os datos relevantes dos que tivera coñecemento, así como as actuacións que dende ese concello e dende os órganos autonómicos se practicasen con relación ao suceso.

ANTECEDENTES

Solicitado información a ese concello, e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (IGVS) os mesmos quedaron incorporados a esta investigación de oficio con datas 23 de xuño e 1 de xullo respectivamente.

A **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** no informe que remitiu indica o seguinte:

“FEITOS

O día 11.06.2021 a Secretaría Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS) solicita un informe sobre a investigación de oficio da Valedora do Pobo pola información publicada en distintos medios de comunicación, do tráxico pasamento no interior do seu fogar dunha muller que nese mesmo día, segundo esas fontes, sería desafiuzada da súa vivenda habitual.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Artigo 22.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.
2. O artigo 17.2 Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.
3. Orde do 18 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020; e Resolución do 22 de decembro de 2020 pola que se convocan para o ano 2021, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social.
4. O Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS.

INFORME

A vista da queixa formulada, e logo de recabar a oportuna información da Área Provincial do IGVS da Coruña, así como da Oficina Central do Programa Reconduce (apoio familias risco desafiuzamento), resulta o seguinte:

- 1.- Na sección provincial da Coruña de Subvencións e Tramitacións non consta que a finada se atopase como demandante da axuda do bono de alugueiro social.

2.- Segundo información telefónica de 14.06.2021 do Xefe de Servizo Técnico-Xurídico IGVS co RECONDUCE nos Servizos Centrais en Santiago de Compostela, non son coñecedores da situación da finada en Sigüeiro (Oroso), e o xulgado no lles comunicou nada. Que esta familia non era usuaria dos servizos sociais municipais do Concello de Oroso.”

No informe achegado por ese **Concello de Oroso** se indica o seguinte:

“En relación ao escrito remitido con data de 7 de xuño de 2021, pola presente remíteselle a seguinte información:

-Informe emitido pola Traballadora Social deste concello facendo constar que non existía ningún expediente a nome da falecida nese departamento, que non existiu ningunha comunicación desde o xulgado do procedemento de desafuzamento e que tampouco existía coñecemento por parte dos servizos sociais da situación ata o tráxico desenlace.

-Oficio remitido polo xulgado de primeira instancia e instrución nº 1 de Ordes de 31 de maio de 2021 (RE nº 1188/2021 do 1/06) polo que se comunica a intención de levar a cabo o lanzamento o día 4 de xuño de 2021 e se solicita a presenza da policía local deste Concello aos únicos fins de que, no seu caso, o concello se faga cargo dos mobles e enseres que se depositen na vía pública.

Por conseguinte, e á vista da citada documentación se lle traslada que desde este consistorio non se tiña coñecemento previo de circunstancias que puideran anticipar o tráxico desenlace producido.”

Informe relativo sobre os datos que obran en servizos sociais do Concello de Oroso sobre o tráxico pasamento dunha veciña no interior do seu fogar o mesmo día que sería desafuzada da súa vivenda habitual.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS: O artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo establece que o/a Valedor/a do Pobo, de oficio ou a instancia de parte, poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma Galega para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución e o seu sometemento pleno á lei e ao dereito.

A traballadora social do departamento de Servizos Sociais comunitarios básicos do Concello de Oroso

INFORMA:

1. Que non consta no Sistema de información de Usuarios de Servizos Sociais ningún expediente referido á veciña deste concello pola que solicitan información.

2. Que non consta ningunha comunicación aos servizos sociais comunitarios do Concello de Oroso sobre o procedemento xudicial de desafiuzamento.

3. Que o persoal técnico dos servizos sociais comunitarios do Concello de Oroso tiveron coñecemento da súa situación coa información publicada nos medios de comunicación despois do tráxico suceso.”

Achegouse copia do Oficio do Xulgado número 1 de Ordes dirixido a ese concello (R.E. Concello de Oroso 1188/21 de data 1 de xuño) no que lle participaban que en data 4 de xuño se ía proceder ao lanzamento da veciña dese concello e que precisábase unha unidade do Corpo da Policía Local para prestar auxilio á Comisión Xudicial e para que, no seu caso, ese concello se fixera cargo do enxoval e mobles que se depositaran na vía pública.

ANÁLISE

Valorado o contido do exposto nos informes remitidos por ese Concello de Oroso e pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (IGVS) no marco desta intervención de oficio, compre significar que :

Primeiro: A situación pola que atravesan as persoas cando van ser desafiuzadas da súa vivenda habitual é dramática e supón un impacto para a súa saúde física e psíquica recoñecida xa en diferentes estudos e investigacións.

Segundo: Na investigación “A saúde das persoas adultas afectadas por un proceso de desafiuzamento”, Julia Bolívar Muñoz et al. Granada, 2015, tralo traballo de campo efectuado, a análise dos datos e a interpretación dos resultados obtidos, a autora pon de manifesto que xa en diversos estudos anteriores, se aborda como se vai agravando a saúde mental segundo se vai avanzando no proceso do desafiuzamento.

Dito estudo incide en que a maioría dos indicadores analizados amosan un peor resultado para as mulleres que experimentan un proceso de desafiuzamento.

O proceso de desafiuzamento na problemática desa veciña de Oroso, foi longo no tempo; así, segundo o oficio que o Xulgado de primeira instancia e instrución de Ordes remitiu a ese concello, a execución hipotecaria instada por “BTL Spain Residential Acquisitions S.L.U.” iniciouse no ano 2012.

Segundo a investigación citada, “as persoas afectadas polo proceso de desafiuzamento non so se ven sometidas a carencias pola situación de privación material, senón que ademais o risco de perda da vivenda constitúe en si mesmo un evento vital estresante, que impacta na súa saúde física e mental e na propia comunidade”. A presenza de desafiuzamentos no barrio, tamén pode impactar na saúde polo deterioro das contornas.

Do mesmo xeito, a investigación de Margalida Gili et al. “The mental health risks of economic crisis in Spain: evidence from primary care centres, 2006 and 2010”. 2012, (“Os riscos para a saúde mental da crise económica en España: evidencia desde os centros de atención primaria, 2006 y 2010”, amosa o incremento da incidencia da depresión, ansiedade, ataques de pánico, abuso de alcohol e bulimia constatado desde os centros de atención primaria.

Terceiro: Dos informes remitidos por ese concello, dedúcese, que o ente local dando cumprimento ao deber de colaboración coa Administración de Xustiza, trasladou á Policía Local do concello o oficio recibido o 1 de xuño aos efectos indicados, máis non trasladou dito oficio aos Servizos Sociais Municipais, toda vez que no informe remitido se fai constar literalmente: “ o persoal técnico dos servizos sociais comunitarios tiveron coñecemento da situación coa información publicada nos medios de comunicación despois do tráxico suceso”.

Esta institución considera acaído, que a fin de facilitar as medidas de protección precisas que axuden a que as persoas que viven o desafiuzamento con vergoña e estigma social acudan á buscar axuda aos servizos que teñen máis próximos; houbera sido convinte, ao tempo que se trasladou o oficio do Xulgado á Policía Local, que se tivera feito o propio aos Servizos Sociais Municipais, para a súa valoración e aos efectos oportunos.

Cuarto: Dito isto, lle lembramos que esta Valedoría asinou un acordo de colaboración co IGVS para o intercambio de información en relación ás persoas afectadas por procedementos de execucións hipotecarias e desafiuzamentos por falta de pagamento das rendas, e en aplicación do mesmo traballa para que nos casos dos desafiuzamentos que coñezza, se poñan a disposición das persoas vulnerables afectadas cantos recursos públicos procedan a fin de que non se produza o feito de que chegada a data do lanzamento as persoas non dispoñan de recurso habitacional algún no momento en que se produza a perda da súa vivenda habitual.

Por outra banda, tamén se efectúa mediación coa entidade ou fondo que insta a execución hipotecaria no vulgado, a fin de procurar suspender a data do lanzamento da vivenda que constitúa residencia habitual en tanto non estean tramitados cantos recursos públicos puideran corresponder, tanto a nivel local como autonómico ou ben lograr que se asine un contrato de aluguer social que lles permita continuar co uso da vivenda.

Quinto : A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 5 dí:

“1. As entidades locais servirán con obxectividade os intereses públicos que se lles encomenden e actuarán de acordo cos principios de eficacia e servizo ós cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á lei e ó dereito.

2. As entidades locais, conforme os criterios de reciprocidade nas súas relacións entre si e coas outras administracións públicas, rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto ós respectivos ámbitos de competencias.”

Sexto: En consideración ao anteriormente exposto, e no contexto actual en que a pandemia do COVID-19 agravou as dificultades con que moitas persoas xa se atopaban á hora de facer fronte ao coste económico do mantemento da vivenda habitual tanto dos pagos do aluguer como das cotas do préstamo hipotecario é polo que esta Valedoría vai formular a seguinte resolución.

CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considérase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 da Valedora do Pobo facerlle chegar a ese Concello de Oroso, a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

“Que no suposto de ter coñecemento de desafuzamentos de vivenda habitual que afecten á veciñanza do Concello de Oroso, previa valoración técnica polos Servizos Sociais Municipais das circunstancias concorrentes, se practiquen, no seu caso e coa debida presteza, cantas actuacións de auxilio correspondan, a fin de paliar ou mitigar as consecuencias que sofren as persoas en risco ou perda da súa vivenda habitual”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo